
Carolina Pérez Capelo, *Toponimia e variación dialectal. Os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa, -uá*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015, 128 páxinas.

Data de recepción: 29/06/2016 | Data de aceptación: 18/07/2016

Foi en 2014 que o Instituto da Lingua Galega botou a andar a colección *Limiar*, co intuito de dar a coñecer textos orixinais voltados para temáticas de lingüística e filoloxía galegas e, de preferencia, asinados por autores que se encontran aínda nos primeiros degraus da súa carreira investigadora. O contributo escollido para inaugurar este proxecto editorial foi a monografía *Toponimia e variación dialectal en galego. Os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa e -uá*, de Carolina Pérez Capelo, cuxo título sintetiza boa parte da súa intención, orientación e metodoloxía: trátase de determinar, mediante o confronto cos datos dialectolóxicos dispoñíbeis, se as series toponímicas caracterizadas pola presenza das terminacións *-oa, -oá, -úa e -uá* (que, como teremos ocasión de comprobar, nin sempre partillan unha procedencia etimolóxica común) presentan algún tipo de distribución diatópica concreta, delimitando, cando posíbel, as áreas xeográficas máis ou menos compactas que ocupan e pondoas en relación coas áreas xeolectais descritas para o territorio galegófono.

Como a propia autora esclarece no capítulo introdutorio, estas encrucilladas entre toponomástica e xeografía lingüística mal teñen sido transitadas no noso país, a pesar de ofrecer vías de estudo potencialmente moi interesantes que si mereceron algunha atención noutros ámbitos do noso entorno inmediato (pensemos, por exemplo, nas achegas de Stefan Ruhstaller ou Gordón Peral para a toponimia do dominio castelanófono). Neste sentido, Pérez Capelo invoca aqueles que, a día de hoxe, parecen ter sido os únicos contributos de entidade realizados desde a filoloxía galega para esta liña de traballo, asinados respectivamente por Gonzalo Navaza e Rosario Álvarez, e aos cales (digámolo desde xa) teremos que acrecentar o volume en análise.

O capítulo 2 está voltado para os topónimos procedentes de antigas formas con terminación *-ōna*. Nel podemos observar a implementación dunhas pautas de traballo que a autora manterá, de maneira sistemática e rigorosa, ao longo de cada un dos apartados que compoñen a obra:

(a) Recenseamento de todas as formas toponímicas que poden ser retrotraídas (con maior ou menor grao de verosimillanza) a étimos caracterizados por esa terminación.

- (b) Exposición das hipóteses etimolóxicas colocadas para cada unha desas formas.
- (c) Localización dos referentes toponímicos nun mapa do territorio galegófono.
- (d) Confronto da paisaxe lingüística que podemos reconstruír a través da toponimia con aquela outra que coñecemos grazas á dialectoloxía.
- (e) En fin, extracción das pertinentes conclusións.

Canto aos topónimos en -ōNA, estes non acarretan practicamente dificultades interpretativas nin doutro xénero. De feito, todos os que autora colixe e comenta proceden, de maneira directa ou indirecta, do latín BŌNA, cun duplo resultado -oa / -úa aínda observábel no léxico común e en cuxa distribución se detectan condicionantes de tipo dialectal, por ser a segunda delas característica da toponimia de determinadas zonas do Eo-Navia. É aquí que o cruzamento de datos toponímicos e dialectais nos ofrece unha primeira conclusión, pois os datos referentes a esa área en concreto parecen apuntar para un proceso de substitución (aínda en andamento) da solución -úa pola terminación -oa, ao estar esta última presente en puntos nos cales a toponimia recollida tan só rexistra a variante -úa. No entanto, a propia autora, nun exercicio de precaución merecente de eloxio, reconece o carácter provisorio destas conclusións, por seren escasos e fragmentarios os itens tidos en conta para chegar a ela. Cómpre subliñar que esta consciencia e asunción das limitacións decorrentes da eventual precariedade do material dispoñíbel constitúe unha liña constante na obra, o cal lle permite a Pérez Capelo contornar (xulgamos que con éxito) algúns excesos de elucubración que tradicionalmente viñeron lastrando a credibilidade dos estudos toponomásticos.

Xa os topónimos en -ōNA, tratados no capítulo 3, ofrecen unha dificultade maior en termos de diversidade etimolóxica, mais non así no que di respecto ás posibles solucións fonéticas, sendo -oa o resultado practicamente unánime en todo o territorio galegófono (mesmo no Eo-Navia). Porén, a autora chama a atención para a diferenza existente neste punto entre o rexisto toponímico e o léxico común, no cal, máis unha vez, nos deparamos co par -oa / -úa. As explicacións dadas por Pérez Capelo a este desaxuste parecen, en tese, satisfactorias: por un lado, a solución -oa é máis antiga que a forma -úa (a cal só pode ser explicada a partir da anterior, en virtude dun proceso de disimilación); polo outro, nos itens toponímicos en análise a secuencia -oa fai parte do lexema, mentres que a correspondente -úa, na lingua común, costuma ser un sufixo de carácter aumentativo (quer dicir, existen uns condicionantes morfolóxicos no tratamento e evolución destas formas). Aínda, a transposición deses topónimos ao soporte cartográfico permite comprobar a particular distribución xeográfica desta serie toponímica, concentrada *grosso modo*

nun arco que parece abranguer a vertente suroccidental e setentrional do territorio galego. A autora non deixa de reparar nesta circunstancia, que talvez fose digna de un afondamento maior ou, no mínimo, da formulación dalgunha hipótese que tentase dar conta desta aparente anomalía.

No capítulo a seguir abórdanse os topónimos procedentes de antigos derivados en -ŌLA, os cales, por palabras da propia autora, son “o[s] máis interesante[s] desde o punto de vista da xeografía lingüística, xa que nos permite debuxar un mapa dialectal pasado que se correspondería cun estado pretérito da lingua galega”. Non admira que, dada a riqueza e a diversidade dos datos toponímicos colixidos, este sexa o capítulo máis denso e complexo de cantos compoñen a obra. Na verdade, hai tempo que a lingüística galega coñece a existencia de catro posíbeis solucións para o sufixo -ŌLA (-*oa*, -*oá*, -*ó* e -*úa*, coas eventuais variantes que puideren ser detectadas), ben como a súa distribución, en termos moi xerais, sobre o territorio galegófono. Ora ben, o traballo de Pérez Capelo constitúe, até onde nós sabemos, a primeira aproximación a este tópico realizada de maneira exhaustiva, rigorosa e apoiada por un corpus de datos (quer toponímicos quer dialectais) abondo sólido, o cal lle permite tirar algunhas conclusións que quer confirman intuicións xenéricas anteriores, quer as matizan e redimensionan.

Constátase así que a solución maioritaria no territorio galego é -*oa*; que a solución con crase (-*ó*) define a costa atlántica pontevedresa, boa parte do interior desa provincia e aínda a zona suroccidental da de Ourense (sendo, de resto, o resultado hexemónico en Portugal); que o resultado -*oá*, para alén de conformar unha área compacta no galego lucu-auriense (a ambas as marxes do río Miño), encóntrase rexistrado en puntos isolados do norte da provincia de Lugo e aínda no Eo-Navia; e, en fin, que a solución disimilada -*úa* se revela como específica da vertente máis nororiental do territorio galegófono, incluíndo nel máis unha vez a subárea eonaviega. Ora ben, cremos que estas conclusións xerais, avaladas pola solidez que lles fornecen os materiais toponímicos e dialectais analisados, poden verse enriquecidas aínda por algunhas pequenas observacións. Por exemplo, non entendemos o porqué da ausencia de topónimos maiores (e, por tanto, presentes nos repertorios toponímicos de referencia) como *Rañó* (conc. Rianxo) ou *Montañó* (conc. Boiro, formado a partir do topónimo próximo *Montaña*), cuxa consideración e inclusión no corpus permitiría alargar a isoglosa dos topónimos en -*ó* aínda máis uns quilómetros a norte, vindo a abranguer así ambas as marxes da ría da Arousa (cuxa vertente setentrional, nos mapas correspondentes, fica excluída desa área toponímica). Aínda, Pérez Capelo non leva en consideración unha quinta solución para o sufixo -ŌLA como é a terminación -*á*, presente nun conxunto moi reducido de topónimos do interior da provincia de Lugo (*Pereirá*, *Maciñeirá*, *Castiñeirá*), algúns dos cales aínda aparecen con terminación -*oa* en repertorios decimonónicos como o dicionario de

Pascual Madoz, o cal patentea o carácter recente desta mudanza. Apresémenos a indicar que nos consta o coñecemento destes resultados por parte da autora, e que a súa ausencia neste volume se debeu a motivos puramente editoriais e cronolóxicos, mais recomendamos o seu tratamento en futuras achegas.

Estas mínimas resalvas non restan nin un ápice de interese a un capítulo no cal o confronto entre a situación lexical e a fotografía que nos ofrecen os datos toponímicos parece atinxir o seu maior grao de rendabilidade. Resulta especialmente perceptíbel cando a autora invoca o tipo léxico *teiroa* e as súas principais variantes (*teiroá*, *teiró* e *teirúa*), cuxa distribución xeográfica parece apoiar, entre outras cousas, unha extensión moito maior en tempos pasados quer da solución *-oá* (chegando a incluír puntos moi setentrionais do territorio, en coherencia coa presenza nesas mesmas áreas de fôseis toponímicos en *-oá*) quer da variante *-ó* (cuxa presenza no extremo suroriental da provincia de Ourense talvez suxira, segundo a autora, unha extensión desta solución por todo o sul de Galicia que entroncaría directamente co territorio portugués). Tamén o confronto cos resultados de *moa* ofrece algún interese, ao se rexistaren apenas solucións do tipo *moa*, *mó* e *mola*, mais non (fronte ao que a toponimia permitiría prever) hipotéticas variantes como **moá* ou **múa*, o cal nos fala de procesos de mudanza xa consolidados e asentados. En definitiva, o concurso destes dous tipos léxicos, e aínda do de *filloa*, e a súa comparación coas grandes áreas dialectais pasadas que a toponimia permitía reconstruír, ofrece a posibilidade de nos debrozarmos, con todas as prevencións exixíbeis mais tamén con algunhas certezas dignas de destaque, sobre aqueles procesos de mudanza lingüística que alteraron ou están a alterar esas antigas isoglosas. Máis unha vez, a autora pon de parte un feixe de formas toponímicas que partillan, como trazo común, a terminación *-uás* e que, mesmo ocupando un espazo coincidente en grande medida co dos topónimos en *-oá(s)*, levantan aínda algunhas dúbidas no tocante á súa orixe etimolóxica, razón pola cal son obxecto (xulgamos que acertadamente) dun tratamento específico.

Aínda dentro deste capítulo, Pérez Capelo dedica unha alínea específica á problemática daqueles topónimos eonaviegos con terminación *-úa*, ao constatar a autora que a orixe desta solución nesa área en concreto pode ser procurada quer no sufixo aumentativo *-ōna* quer no sufixo diminutivo *-ōla*, e ficando practicamente imposíbel acertar a etimoloxía certa de cada topónimo en ausencia de documentación medieval. Recoñecemos que, neste punto da nosa lectura, estabamos á espera dalgunha reflexión minimamente demorada sobre aqueles topónimos que, embora pertencentes ao dominio lingüístico ásturo-leonés, presentan trazos que, ao que parece, só poden ser explicados como resultado de fenómenos tidos por especificamente galego-portugueses. Referímonos a casos como *Fulgueirúa* (conc. Tinéu e Navelgas) ou *Falgueirúa* (conc. Somiéu), entre outros. Son topónimos, en tese, de base fitonímica e nos cales se observa a combinación dun sufixo *-eir(o)* e mais dun sufixo *-úa*, sendo este último homologábel

á mesma terminación presente das formacións eonaviegas e do extremo nororiental da provincia Lugo. Sobre estes topónimos téñense debruizado autores como García Arias ou María Reina Bastardas (1998), sen ningún deles ter chegado a explicacións plenamente satisfactorias. Somos cientes de que a inclusión nesta obra dunha liña de pesquisa destas características repercutiría nun alongamento talvez desnecesario, mais, sexa como for, contribuiría para deitar algunha luz sobre unha problemática específica do galego na súa relación co asturiano, talvez axudando a redescubrir antigas isoglosas ou subáreas lingüísticas nas fronteiras entre estes dous dominios lingüísticos. Fica, pois, como unha recomendación para futuras aproximacións que a autora quixer realizar a esta temática.

No capítulo 5, Pérez Capelo debrúzase sobre o corpus de topónimos procedentes de formas coa terminación -OLA, todos eles procedentes do adxectivo latino SOLA. Apesar de a autora recoñecer -oa e -oá como únicos resultados verificábeis no rexistro toponímico, vémonos na obriga de asinalar a existencia do apelido persoal detoponímico *Vilasó*. Segundo os datos do proxecto *Cartografía dos Apelidos de Galicia*, este apelido mostra os seus índices de concentración máis elevados na península da Barbanza, o cal casa ben co comentado uns parágrafos atrás á volta dos topónimos *Rañó* e *Montañó* e o alcance da isoglosa de -ó (< -OLA) na ría da Arousa¹. De resto, este dado reviste máis interese aínda desde que parece confirmar unha das conclusións que Pérez Capelo tira da presenza, no extremo suroccidental da provincia de Ourense, da forma *só* (masculina e feminina), quer dicer, que a terminación -OLA “tamén sufriu, alomenos nalgún punto, a mesma evolución diacrónica da terminación -OLA que levou ao resultado [ɔ]” (páx. 69). Importa notar, no entanto, que a xeneralización do castelanismo *solo*, -a en todo o territorio galegófono limita moito a validez de calquera conclusión que se quixer formular ao respecto.

O capítulo 6 conságrase a aqueles topónimos nos cales a terminación -oa, -oá, -úa, -uá debe ser explicada en termos diferentes aos utilizados para aquelas formas recollidas e estudadas nos apartados precedentes. Trátase de itens como *Rúa*, *Troa*, *Sanxuás*, *Ortoá*... para os cales a autora se limita, máis unha vez con grandes doses de cautela, a expor as diversas hipóteses de que foron obxecto por parte de diferentes autores.

Maior interese, en nosa opinión, ofrece o capítulo 7. Neste apartado, a autora explora a relación entre toponomástica e dialectoloxía nun sentido inverso ao implementado nos capítulos precedentes: trátase agora de partir dos mapas elaborados e da situación dialectal que deles se infire para confirmar, matizar ou até

1 É verdade que se rexistra tamén un microtopónimo *O Muíño de Vilasó*, mais situado tan a norte (nomeadamente no concello de San Sadurniño) que a súa relación co fenómeno en análise parece bastante improbábel.

recusar hipóteses etimolóxicas que din respecto a un pequeno feixe de topónimos. Desta maneira, e só por citarmos algúns dos exemplos en que esta perspectiva se revela como máis eficaz, Pérez Capelo demostra que o topónimo vigués *A Madroa* non pode ser explicado en base a un derivado en -ŌLA, por encontrarse enclavado nunha área na cal o resultado -ŌLA > [o] é, en termos toponímicos, o único coñecido. Da mesma maneira, o problemático e escorregadizo topónimo *Arzúa* debe ficar fóra do corpus de formas en -ŌLA, por ser a solución -úa < -ŌLA, como demostra a autora, practicamente exclusivo do nordeste do territorio galegófono. A implementación desta metodoloxía permite até detectar aparentes contradicións ou lacunas que, no entanto, son resoltos de maneira bastante satisfactoria: eis o caso do lexema *l(l) agúa* a espallarse por unha área moito máis alargada daquela na cal, en principio, a toponimia patentea un maior arraizamento da evolución -ŌLA / -ONA > -úa. A hipótese colocada pola autora é que, na verdade, isto debe explicarse por ser *lagúa* non unha variante de *lagoa* (< *LACONA), senón a continuación da forma latina LACŪNA. Noutros casos tratados, porén, serían benvidos algúns matices: e.g., achamos que Pérez Capelo dá no alvo ao desbotar a hipótese que relaciona o topónimo *Pé da Múa* (conc. Cerceda) cunha pretensa forma *múa < MŌLA, por ficar o topónimo moi afastado da área de maior incidencia da terminación -úa e, aínda, por non existiren dados que avalen con algunha fiabilidade a existencia (quer actual quer pasada) dunha tal variante *múa. Ora ben, reparemos na presenza dun topónimo menor *O Campo da Pena da Múa*, no conc. Ribeira de Piquín, en plena vertente nororiental da provincia de Lugo, cuxa estrutura e situación xeográfica ben merecería algunha consideración por parte da autora. Estraña é tamén a ausencia do topónimo *Arxuá* (conc. Saviñao), que podería relacionarse con *Arzoá* e *Arzúa* e que, de resto, casa bastante ben con unha das hipóteses formuladas a propósito do segundo destes topónimos (nomeadamente a de Díaz y Díaz, quen o vincula co subst. *arxe* ‘maleza’ < *ARGIA). Canto a *Mañoás*, topónimo acerca do cal Pérez Capelo non se pronuncia, recomendamos colocalo a par de *Trasmañó* (conc. Redondela), en cuxa estrutura reconecemos un antigo *Mañó que designou unha antiga terra medieval (integrada na máis ampla de Toroño) e que na documentación latina da altura aparece como *Maniola* (de onde, é claro, *Maniola* > *Mañoa > Mañó, co tratamento esperábel nesta área suroccidental de Galiza). Con independencia da base léxica envolvida no topónimo, achamos moi verosímil e até probábel o vínculo etimolóxico de *Mañoás* e *(Tras)mañó*, que poden ser analisados como posíbeis cognatos.

Na secuencia do que estamos a comentar, os comentarios etimolóxicos realizados por Pérez Capelo móvense sempre nunhas coordenadas marcadas pola prudencia e pola vontade de síntese, o cal resulta lóxico, por ser a dimensión etimolóxica unha simple ferramenta auxiliar nun traballo destas características. Mesmo así, gustaríanos realizar algunhas puntualizacións que en ningún caso pretenden ser correccións ou

emendas (algo, de resto, ben temerario nun terreo tan escorregadizo como o da etimoloxía), mais simples notas que a autora podería moi ben ter en liña de conta para futuras aproximacións ou reelaboracións. E.g., no caso de *Fillaboa* (páx. 20) a cuestión etimolóxica podería ficar esclarecida se tivésemos en conta a existencia do antropónimo medieval *Filia Bona*, para o cal por acaso Lidia Becker ten colixido algúns testemuños no seu *Hispano-romanisches Namenbuch* (2009). Canto a *Ambroa* (páx. 29), achamos que debería, no mínimo, terse mencionado a proposta etimolóxica formulada por Edelmiro Bascuas (2006) para a serie toponímica na cal se inscribe esta forma, e que persoalmente xulgamos máis verosímil que a xa clásica defendida por Menéndez Pidal. Para *Ameixoa* (páx. 38) receamos que non sexa posíbel defender un vínculo etimolóxico co zoónimo *ameixa*, mais si, talvez, cun derivado regresivo do verbo *ameixoar* ‘reunir, xuntar [o gado]’. En *Queirúa* (páx. 82), mesmo sendo este un topónimo de abordaxe difícil, achamos pouco verosímil a hipótese dun apagamento do /g/ a partir dun *Queiruga* preexistente, como tampouco parece convincente o paralelismo proposto con *rúa* < **ruga*, por estarmos neste caso perante un /g/ primario que, a diferenza do /g/ de *Queiruga*, non decorreu da sonorización de /k/. Mais, sexa como for, insistimos en que son pormenores, de certeza moitos deles susceptíbeis de crítica ou debate, que en nada escurecen o valor filolóxico do volume en xeral, e deste apartado en particular.

Merece algún destaque a chamada de atención que fai a autora para algunhas carencias decorrentes, en boa medida, do propio modelo normativo elaborado para a lingua galega. Isto resulta especialmente palpábel no que di respecto á ausencia de diferenciación gráfica para as vogais abertas e fechadas, o cal repercute, por exemplo, na dificultade de identificar correctamente o timbre da vogal tónica ([ɔ] ou [o]) dalgúns topónimos tidos en conta neste traballo e, por tanto, de establecer a súa orixe etimolóxica certa.

En síntese, encontrámonos perante un contributo que, do punto de vista dos contidos e da metodoloxía, cumpre de maneira moi convincente coas exigencias de calquera traballo académico serio e rigoroso, co valor acrecido de a autora se ter internado en ámbitos de estudo aínda pouco explorados. Para alén dun coñecemento pormenorizado da bibliografía de referencia e dos recursos ao seu dispor (entre os cales aquelas fontes das cales foron tirados os datos utilizados para o estudo, como o *Nomenclátor de Galicia*, o repertorio de Varela Aenlle para a toponimia do Eo-Navia, o proxecto *Toponimia de Galicia*, o ALGa ou o ALPI), Pérez Capelo demostra capacidade para estruturar de maneira clara, racional e eficaz un traballo que se nutre dun volume de información sensibelmente elevado e, aínda, diverso. Xa no que á lingua di respecto, a corrección e a transparencia constitúen tamén as notas dominantes, embora se observen algunhas grallas ortográficas e gramaticais ou certos castellanismos que poderían ser facilmente evitábeis. Talvez poderíamos

recomendar unha maior atención á toponimia portuguesa, mesmo recoñecendo a dificultade de acceso que costuma implicar (por careceren no país veciño de repertorios sistematizados como os existentes en Galiza), e aínda unha maior utilización das fontes medievais que, como comentado a respecto de *Mañoás*, constitúen un recurso incontornábel á hora de analizar a etimoloxía de moitos dos topónimos incluídos no estudo.

Paulo Martínez Lema

Referencias bibliográficas

- Bascuas López, Edelmiro (2006). “Celta *amba* ‘agua’ conservado como apelativo en Galicia hasta el siglo XII. Derivado **ambra*”, *Studi Celtici*, 4: 63-104.
- Bastardas i Rufat, María Reina (1998). “Aspectos de la toponimia botánica de Asturias”, *Lletres Asturianas*, 68.
- Becker, Lidia (2009). *Hispano-romanisches Namenbuch. Untersuchung der Personennamen vorrömischer, griechischer und lateneisch-romanischer Etymologie auf der Iberischen Halbinsel im Mittelalter (6. 12. Jahrhundert)*. Tübingen: Max Niemeyer.